

Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I11Y	<i>Expediente</i> CON/30/2019	<i>Data Creación:</i> 24-09-19 09:19

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento.

TIPO DE LICITACIÓN: 46.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 31 de outubro de 2019, ás 8.45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Gonzalo Muíños Sánchez.

Vogais: María Moreno Berguer, xefe servizo de mobilidades e seguridade.
Ana Gago Fernández, viceinterventora xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste como asesor: Manuel Sanmartín Chao, xefe de servizo de extinción de incendios.

Preséntase o requirido informe do xefe de servizo de informática, que confirma o criterio mantido pola empresa xestora da plataforma de licitación do Concello PIXELWARE, imputando a responsabilidade pola deficiente presentación da documentación acreditativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas a empresa licitadora TRAINING ADDED VALUE SL, o que conleva que non se lle valoraren os criterios concretos afectados pola falta desta documentación.

Seguidamente, procédese á análise do informe valorativo final no que se recolle o cálculo das puntuación de ambos licitadores, que se acompaña á presente acta, e que conta co voto favorable de todos os membros da mesa.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local o resultado desta licitación, os efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador PEDRO PABLO GUTIERREZ BUJAN, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 45.500 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de sete días hábiles a contar dende o día seguinte o da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ao aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

